

# As locucións somáticas e a expresión das emocións (ámbito francés-romanés)<sup>1</sup>

## *The somatic locutions and the expression of emotions (French-Romanian field)*

Daniela Dincă

Universitatea din Craiova

<https://orcid.org/0000-0001-9384-3733>

[danadinca@yahoo.fr](mailto:danadinca@yahoo.fr)

Resumo: As expresións idiomáticas son unidades polilexicais que levan consigo as marcas da historia, dos costumes e das mentalidades dun pobo e a análise da súa carga cultural podería achegar información enciclopédica sobre a visión conceptual dunha lingua. Neste artigo, propoñemos analizar as locucións somáticas que expresan emocións construídas arredor da palabra *corazón* co fin de comprender como conceptualizan a relación entre os nomes das partes do corpo e as emocións. A través da análise da estruturación lingüística e da carga cultural das locucións somáticas cos instrumentos da semántica lexical, o noso artigo evidencia as similitudes e as diferenzas de conceptualización das emocións nas dúas linguas emparentadas xenealoxicamente, o francés e o romanés. Na nosa análise semántica, utilizamos como criterios de clasificación as dúas formas de manifestación das emocións: (1) o corazón como núcleo de manifestación de atributos intelectuais ou afectivos (xenerosidade, indiferenza, coraxe, covardía, sinceridade); (2) o corazón como centro de reacción aos fenómenos externos (alegrías e praceres vs. dores e sufrimentos).

Palabras clave: locución somática, emocións, análise contrastiva, enfoque lingüístico, carga cultural.

*Abstract: Idiomatic expressions are polylexical units bearing the marks of a people's history, customs and mentalities, and the analysis of their cultural load could provide encyclopaedic information on the conceptual vision of a language. In this paper, we propose to analyze somatic locutions built around the word heart expressing emotions in order to understand how they conceptualize the relationship between names of body parts and emotions. By analyzing the linguistic structuring and the cultural load of somatic locutions with the tools of lexical semantics, our paper highlights the similarities and differences in the conceptualization of emotions in the two genealogically related*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 07.09.22. Data de aceptación: 03.01.23. Traducido do orixinal en francés por Marcelo Caramés Obelleiro.

*languages, French and Romanian. In our semantic analysis, we use as classification criteria the two forms of manifestation of emotions: (1) the heart as the seat of manifestation of intellectual or affective traits (generosity, indifference, courage, cowardice, sincerity); (2) the heart as the center of reaction to external phenomena (joys and pleasures vs. pains and sufferings).*

*Keywords: somatic locution, emotions, contrastive analysis, linguistic approach, cultural load.*

## 1. Introducción

A problemática das emocións representa un tema de investigación en numerosos ámbitos do coñecemento humano. En efecto, as/os psicólogas/os e os/as neuropsicólogos/as descubriron o impacto das emocións sobre a actividade cognitiva, os comportamentos e as relacións sociais. Á súa vez, as/os psicolingüistas afirman que as emocións teñen un valor comunicativo e relacional esencial, atopándose na base da comunicación verbal e non verbal. No que concirne á relación entre os nomes de partes do corpo (Npdc) e as emocións, é evidente que os Npdc representan inevitablemente o núcleo de manifestación das emocións. De feito, baixo o efecto dunha emoción violenta, a contracción do peito ou da gorxa conduce á imposibilidade de falar pola aparición dun nó na gorxa: fr. *avoir un nœud à la gorge*/ro. *a avea un nod în gât* [ter un nó na gorxa]. Ao mesmo tempo, a ansiedade, o medo ou o estrés determinan un agravamento das palpitacións que pode facer que sintamos o corazón bater máis rápido do habitual, como é o caso da expresión francesa *avoir le cœur dans la gorge* [ter o corazón na gorxa], que ten como equivalente romanés *a-i sări inima din piept* [o corazón saltalle do peito].

Partindo da premisa de que a expresión das emocións se atopa en estreita relación cos Npdc, propoñémonos reflexionar sobre a maneira na que as expresións idiomáticas poden relacionar a conceptualización das emocións e os Npdc nun enfoque contrastivo francés-romanés co obxectivo de extraer a súa idiomaticidade a través dos trazos semánticos comúns ou diferentes, específicos para as dúas comunidades lingüísticas. Na nosa análise, tomaremos dous tipos de enfoque: un enfoque lingüístico e, de igual maneira, un enfoque cultural a partir da identificación daquilo que é propio dunha comunidade dada en relación á outra. Nesta perspectiva, o noso proceso inscribese nunha corrente cognitivista<sup>2</sup> promovida por Wierzbicka (1996) que postula que, á hora de estudar unha lingua, débese ter en conta a realidade humana completa, especialmente na súa dimensión cultural. En efecto, a función de significación da lingua precede á función de comunicación e a lingua convértese nun instrumento destinado a vehicular o sentido.

Do conxunto das expresións idiomáticas, definidas como unidades polilexicais que cargan coas marcas da historia, os costumes e as mentalidades específicas ao espazo cultural das que proveñen, parámonos a analizar as *locucións* consideradas por González-Rey como «unidades fraseolóxicas que teñen á vez unha estrutura sintagmática de natureza nominal, verbal, adverbial ou adxectiva, un sentido metafórico e evocador

<sup>2</sup> As/Os investigadores cognitivistas consideran que o sistema conceptual de cada comunidade lingüística está ancorado nun coñecemento do mundo específico para un espazo xeográfico e cultural concreto (*conventional knowledge/cultural knowledge*). Neste sentido, Lakoff (1987: 446) suxire que os e as falantes de certa lingua posúen imaxes convencionais do mundo que dependen da súa historia ou da súa cultura específica.

e unha función inferencial e connotativa» (2021: 160). Ao conectar as locucións co seu aspecto evocador, González-Rey utiliza como criterio de clasificación a congruencia e a incongruencia das súas imaxes para propoñer dúas subclases: (1) *locucións congruentes ou figuradas* (a dobre lectura, literal e metafórica); (2) *locucións incongruentes ou idiomáticas* (lectura metafórica). A distinción entre estas dúas subclases pode facerse en termos de opacidade ou de transparencia: *as locucións congruentes* son transparentes xa que o seu sentido é compositivo, pódense deducir a partir do significado dos seus compoñentes, mentres que *as locucións incongruentes* son opacas, teñen un sentido non compositivo que non pode determinarse a través dunha lectura literal. Esta segunda subclase tamén ilustra o fenómeno de fixación<sup>3</sup>, que constitúe un dos trazos fundamentais das expresións idiomáticas<sup>4</sup>.

Para constituír o corpus da nosa análise, rexistramos as locucións somáticas do tipo [*Avoir + cœur ± Determinante/s* (Ter + corazón ± Determinante/s)] nos dicionarios e corpus bilingües *Dictionnaire phraséologique français-roumain* (2000), *Corpul omenesc în expresii (Domeniul român-francez)* (2011) ou monolingües *Trésor de la langue française informatisé (TLFi)*, *Dictionnaire de l'Académie française (DAF)*, *Dictionnaire explicatif de la langue roumaine (DEX)*, *Dicționar de expresii românești în contexte (DERC)*, do mesmo modo que na rica webgrafía dedicada ás expresións francesas ([www.expressions-francaises.fr](http://www.expressions-francaises.fr), [www.linternaute.fr](http://www.linternaute.fr), <https://citation-celebre.leparisien.fr/>, [EspaceFrancais.com](http://EspaceFrancais.com)).

## 2. O estudo das locucións somáticas na lingüística romanese

O interese da comunidade lingüística romanese pola análise das locucións somáticas focalizouse principalmente nos seguintes aspectos: a tipoloxía das visións que definen a relación entre o imaxinario lingüístico e as locucións somáticas (Cosăceanu e Littera, 1990), o rol dos tropos (a metáfora, a metonimia e a sinécdoque) como instrumento cognitivo na análise do léxico dos Npdc (Tutescu, 1997), a análise semántica contrastiva dos sentidos primarios e derivados das locucións somáticas para evidenciar «a visión do mundo» específica para cada lingua-cultura (Ionescu e Pănculescu para a parella francés-romanés; Duță para a parella romanés-español). A todo isto, engádese a primeira recompilación francés-romanés das expresións cos Npdc (Bădescu *et al.*, 2011), que tivo en conta os falsos amigos e os aspectos relevantes da equivalencia das locucións somáticas nas dúas linguas.

No estudo da relación entre o imaxinario lingüístico e as locucións somáticas, a partir da oposición *natureza vs. cultura*, Cosăceanu e Littera (1990) propoñen dous tipos de visión: a *visión natural* e a *visión cultural*. Se a *visión natural* descansa sobre a funcionalidade ou a interacción cos outros elementos da realidade, a *visión cultural* defínese polas

<sup>3</sup> A *fixación* dunha locución defínese cos termos seguintes: «unha secuencia está fixada semanticamente cando o sentido é opaco ou non compositivo, é dicir, cando non se pode supoñer a partir do significado dos elementos que a compoñen» (Gross, 1996: 154).

<sup>4</sup> No que concirne ás características das expresións idiomáticas, González-Rey (2021: 52) propón unha lista de oito trazos definitorios: *a fixación, a polilexicalidade, a idiomaticidade, a opacidade, a figuralidade, a iconicidade, o carácter reprodutivo e a frecuencia.*

representacións dos Npdc segundo as crenzas, as tradicións e as mentalidades de cada comunidade. O imaxinario lingüístico do corpo humano adquire, deste modo, o carácter de *sistema significante* nun *discurso da corporalidade* definido como: «a representación do corpo humano como un microcosmos no que o material e o espiritual forman un todo indestrutible» (Cosăceanu e Littera, 1990: 133).

A partir da análise de 350 locucións e expresións idiomáticas francesas representativas como forma, funcionalidade e valor simbólico, as autoras constrúen a tipoloxía da *visión natural* dividida en diversas subclases:

- (1) «a visión de tipo funcional», construída arredor das representacións seguintes:
  - a) a posición do Npdc determina a súa funcionalidade (por exemplo, *le front* [a fronte] representa o símbolo da superioridade, da audacia nas expresións: *faire front* [facer fronte], *avoir le front de* [ter a fronte de];
  - b) os Npdc son o núcleo da manifestación dos trazos intelectuais ou afectivos) (*la tête* [a cabeza] é o núcleo da razón e *le cœur* [o corazón], o da afectividade);
  - c) os Npdc vense como instrumentos, concretos ou abstractos, para a posta en práctica das accións (*mettre la main à la pâte* [meter as mans na masa]);
- (2) «a visión semiótica», que deriva da asociación dos síntomas aos sentidos propios ou figurados, aos Npdc (*avoir froid dans le dos* [ter frío nas costas], *avoir chaud aux fesses* [ter calor no cu]);
- (3) «a visión entre os reinos animal e humano», na cal a interferencia entre os reinos xustifícase pola asociación entre os Npdc e certos animais debido á representación metafórica dalgúns trazos característicos (*avoir une tête de mule* [ter unha cabeza de mula]);
- (4) «a visión robótica», que imaxina o corpo humano como un conxunto de elementos extraíbles que posúen certas funcionalidades: *prendre ses jambes à son cou* [levar as pernas ao pescozo].

En resumo, este estudo forma unha primeira tipoloxía semántica das locucións somáticas que podería constituír un modelo de análise do imaxinario lingüístico dos Npdc en dúas ou varias linguas.

Outra vía de investigación no estudo das locucións somáticas foi aberta por Mariana Tutescu (1997), quen se ocupou do estudo de metáforas lexicalizadas formadas arredor dos lexemas *tête* [cabeza], *œil* [ollo], *bouche* [boca], *bras* [brazo] e *pied* [pé] e afirmou que «este tipo de metaforización baséase nunha estrutura analóxica antropolóxica» e que «esta estrutura de antropomorfización convértese nun modo de designación prototípica» (1997: 462). Sobre a liña de Sperber (1975), que consideraba que a retórica reunía tres dispositivos (a gramática, a enciclopedia e o simbolismo), Tutescu considera que os tropos (a metáfora, a metonimia e a sinécdoque) poden considerarse «un instrumento cognitivo» para explicar o real, pero tamén o léxico que «aparece como unha reserva tropolóxica na que a enciclopedia e o cognitivo se unen co semántico, o sintáctico e o pragmático-retórico» (Tutescu, 1997: 468).

No ámbito da lingüística contrastiva, queremos citar os traballos de Ionescu e Pănculescu (2002) que se interesaron pola comparación dos Npdc en romanés e en francés segundo os criterios etimolóxico e semántico, tendo en conta a derivación sintagmática nas expresións idiomáticas. A efecto disto, no seu estudo titulado «Dénominations des parties du corps: Domaine roumain-français: étymologies, évolutions sémantiques, dérivation syntagmatique» [Denominacións das partes do corpo: ámbito romanés-francés: etimoloxías, evolucións semánticas, derivación sintagmática], constataron que as palabras panlatinas posúen acepcións comúns, malia a súa evolución en áreas xeográficas afastadas. Ademais, a análise sémica baseada nos núcleos conceptuais permitiulles analizar os sentidos primarios e os sentidos derivados das locuções somáticas desde unha perspectiva contrastiva, que evidencia «a visión do mundo» específica para as dúas linguas-culturas:

As diverxencias parciais constatadas na estruturación conceptual do real proban a orixinalidade de cada unha destas linguas, que sufriron a influencia de factores extralingüísticos (vagas de poboacións migratorias, valores etnoculturais, desenvolvemento socioeconómico específico) e lingüísticos propios (especificidade do sistema fonolóxico, ataduras sintácticas etc.). (Ionescu e Pănculescu, 2002: 55)

Cunha tese doutoral en fraseoloxía contrastiva<sup>5</sup>, Oana Duță comparou o romanés e o español na estruturación lingüística e cultural das locuções somáticas, cunha extensión cara a un enfoque tradutolóxico (pola identificación dos niveis de correspondencia entre as dúas linguas) e cara á didáctica das expresións idiomáticas (para reforzar a competencia fraseolóxica dos estudantes de fala romanesa). No que concirne ao último aspecto, mantivemos a forma gradual (do sinxelo ao complexo) da ensinanza das expresións idiomáticas, así como a consideración dos aspectos semánticos por un traxecto que comeza na transparencia e se dirixe cara á opacidade:

Deberíase ensinar, nun primeiro nivel, as expresións fraseolóxicas cun homófono literal e que teñan de base o mesmo mecanismo de transparencia (metáfora conceptual) nas linguas implicadas (a lingua da expresión fraseolóxica e a lingua materna dos e das estudantes) e, nun nivel superior, as expresións fraseolóxicas cun grao forte de opacidade interlingüística. (Duță, Teodorescu, 2017: 153-154)

Se ficamos no ámbito da lingüística contrastiva, queremos mencionar a primeira recompilación francés-romanés das expresións que comportan os Npdc, titulada *Corpul omenesc în expresii (Domeniul român-francez)* [O corpo humano nas expresións (Ámbito romanés-francés)] (Bădescu *et al.*, 2011). O punto de partida para a constitución do corpus foi *Vocabulaire minimal de la langue roumaine* [Vocabulario mínimo da lingua romanesa] (Editura Demiurg, 1994), que proporcionou ás autoras 47 termos principais que se rexistraron a partir da súa descrición semántica (sentidos primarios, sentidos derivados) ata as unidades fraseolóxicas onde poden aparecer, incluíndo unha ilustración contextual do seu uso no romanés actual. A descrición completouse coa perspectiva tradutolóxica que salienta as converxencias e as diverxencias entre as dúas linguas, os

<sup>5</sup> Duță, O. (2014): *Paralelismos estructurales y semánticos en la fraseología del español y rumano* [Paralelismos estruturais e semánticos na fraseoloxía do español e o romanés]. Bucarest: Editura Universității din București.

falsos amigos e, sobre todo, a presenza ou ausencia de equivalentes para as expresións cos Npdc. Ilustramos a continuación a representación da palabra *cœur* [corazón] coa acepción de ‘núcleo das emocións e dos sentimentos humanos’<sup>6</sup>:

**Inimă, inimi**, s. f. [Corazón]

**II.** (fig.) **1.** *inima* [Corazón] (**I 1**) „*sediul al emoțiilor și al sentimentelor umane; suflet*” [‘núcleo das emocións e dos sentimentos humanos; alma’]

● „*a fi vesel*” [‘estar alegre’]

Expr. **a i se bucura inima** [alegrarse o corazón]/fr. *avoir la joie au cœur* [ter a alegría no corazón]

Ex. *I s-a bucurat inima când a auzit vestea cea bună.* [O seu corazón alegrouse cando escoitou as boas noticias.]

● „*a fi bucuros, satisfăcut, mulțumit*” [‘ser/estar feliz, satisfeito/a, contenta/o’]

Expr. **a râde inima în cineva** [rir o corazón doutro] sin. **a-i râde cuiva inima** [rir o corazón a alguén]/fr. *avoir le cœur en fête* [ter o corazón de festa]

Ex. *Râdea inima în el când vedea reușitele copiilor săi.* [O seu corazón riu cando viu o éxito dos seus fillos.]

Ex. *Părinților le râdea inima când vedeau reușitele copiilor.* [Aos pais riulles o corazón cando viron os éxitos dos seus fillos.]

● „*(a fi) fără griji, bine dispus*” [‘(estar) sen preocupacións, ben disposto/a’]

Expr. **(a fi) cu inima ușoară** [(estar) cun corazón lixeiro]/fr. *(avoir) le cœur léger* [(ter) o corazón lixeiro]

Ex. *După ce ai scăpat de toată tevatura, ești cu inima ușoară.* [Despois de librarse de todos os problemas, estará co corazón lixeiro.]

Ex. *Am plecat de la serviciu cu inima ușoară căci terminasem toate lucrările.* [Deixei o traballo cun corazón lixeiro porque rematei todas as tarefas.]

● „*a se simți liniștit ; cu conștiința liniștită*” [‘estar calada/calado; coa conciencia tranquila’]

Expr. **a fi cu inima împăcată** [estar en paz co corazón]/fr. *avoir la conscience tranquille (en paix) ; en avoir le cœur net* [ter a conciencia tranquila (en paz); ter o corazón limpo]

Ex. *Acum ea e fericită și eu sunt cu inima împăcată.* [Agora ela é feliz e eu estou en paz co corazón.]

● „*a avea o mare suferință morală (o mare nefericire)*” [‘ter un sufrimento moral grande (grande infelicidade)’]

Expr. **inimă rănită, frântă, zdrobită, sfâșiată** [corazón roto, destrozado, esmagado, esgazado]/fr. *cœur blessé, brisé, déchiré* [corazón ferido, roto, esgazado]

Expr. **a avea inima rănită** [ter o corazón roto]/fr. *avoir le cœur blessé* [ter o corazón ferido]

Ex. *Avea inima rănită de reproșurile prietenului său.* [Tiña o corazón ferido polos reproches do seu amigo.]

● „*măhnit (dezolat, îndurerat)*” [‘entristecido/a (desolada/o, dorido/a)’]

Expr. **a rămâne cu inima friptă** [ficar co corazón asado]/fr. *avoir le cœur brisé* [ter o corazón roto]

Ex. *După pierderea iubitei sale, a rămas cu inima friptă.* [Despois de perder a súa noiva, ficou co corazón asado.]

<sup>6</sup> Faremos os comentarios sobre estes exemplos nunha segunda parte da nosa análise.

- „*a fi supărat (trist)*” [‘estar enfadado/a (triste)’]

Expr. **a-l durea (pe cineva) la inimă** [doer (a alguén) o corazón]/fr. *souffrir dans son cœur ; souffrir dans son âme* [sufrir no seu corazón; sufrir na súa alma]

Ex. *Îl doare la inimă când vede atâta risipă.* [Dóelle o corazón cando ve tanto desperdicio.]

Expr. **a avea inima grea** [ter o corazón pesado]/fr. *avoir le cœur gros* [ter o corazón groso]

Ex. *Părinții aveau inima grea pentru că fiul lor plecase.* [Os pais tiñan o corazón pesado porque o seu fillo marchara.]

- „*a-i fi milă de cineva*” [‘ter compasión de alguén’]

Expr. **a i se rupe (cuiva) inima** [romper o corazón (de alguén)]/fr. *cela lui fend le cœur (c’est à fendre le cœur); en avoir le cœur brisé (déchiré)* [iso pártelle o corazón (é para partir o corazón); ter o corazón roto (esgazado)]

Ex. *Mi se rupea inima când îi vedeam pe bieții copii dezbrăcați și nemâncați.* [O meu corazón rompeu cando vin os pobres nenos espidos e indefensos.]

- „*a fi chinuit de un gând ; a avea o taină în suflet*” [‘estar atormentado/a por un pensamento; ter un segredo na alma’]

Expr. **a avea ceva pe inimă** [ter algo no corazón]/fr. *cela lui pèse sur le cœur; garder quelque chose sur le cœur* [iso pésalle no corazón; gardar algo no corazón]

Ex. *De la o vreme se comporta ciudat căci avea ceva pe inimă.* [Durante un tempo comportouse de forma estraña porque tiña algo no seu corazón.]

- „*a avea, o durere sufletească*” [‘ter dor na alma’]

Expr. **a avea o piatră (o greutate) pe (la) inimă** [ter unha pedra (un peso) no corazón]/fr. *avoir un poids sur le cœur [ter un peso no corazón]*

Ex. *Avea o piatră (o greutate) pe (la) inimă pentru că se certase cu prietenul său.* [Tiña unha pedra (un peso) no seu corazón porque pelexara co seu amigo.]

- „*a se elibera de o neplăcere (de o durere sufletească)*” [‘liberarse dunha molestia (da dor da alma)’]

Expr. **a i se lua o piatră (o greutate) de pe (la) inimă** [quitar unha pedra (un peso) do corazón]/fr. *avoir le cœur soulagé* [ter o corazón aliviado]

Ex. *Când s-au împăcat, i s-a luat o piatră de pe (la) inimă.* [Cando se reconciliaron, quitou unha pedra do corazón.]

- a. „*(a avea) un sentiment puternic de teamă (durere, regret)*” [‘(ter) un sentimento grande de medo (dor, arrepentimento)’]; b. „*a avea un presentiment funest*” [‘ter un presentimento funesto’]

Expr. **a avea o strângere de inimă** [ter un apertón de corazón]/fr. a. e b. *avoir le cœur serré, être brusquement saisi de peur (d’émotion)* [ter o corazón apertado, estar bruscamente tomada/o polo medo (de emoción)]

Ex. *Avusese o strângere de inimă când semnase actul de renunțare.* [Tivo un apertón de corazón cando asinou o acto de renuncia.]

Ex. *Mi-a sărit inima din loc când mi-a ieșit în față un căine.* [O meu corazón saltou do sitio cando o can veu cara a min.]

- „*a avea mare simpatie pentru cineva*” [‘ter moita simpatía por alguén’]

Expr. **a-l avea pe cineva la (în) inimă** [ter a alguén no corazón]/fr. *avoir quelqu’un à la bonne* [ter a alguén á boa]

Ex. *Bunica îl avea la inimă pe cel mai mic dintre nepoți.* [A miña avoa tiña o máis pequeno dos seus netos no corazón.]

Ex. *O avea mereu în inimă pe buna lui mamă.* [Sempre tivo a súa boa nai no seu corazón.]



Despois deste rápido esbozo dos estudos dedicados á análise das locucións somáticas, podemos afirmar que a lingüística romanese abriu vías de investigación ben enfocadas para os e as especialistas do ámbito (lexicólogos/as, semantistas, lexicógrafas/os, tradutólogos/as, didactistas) e que a perspectiva contrastiva semella reveladora ao falar do contido cultural das expresións idiomáticas romanesas en relación coas outras linguas-culturas.

### **3. Análise contrastiva francés-romanés das locucións somáticas coa palabra *corazón***

Nesta segunda parte, propoñémonos realizar unha análise contrastiva (francés-romanés) das locucións somáticas do tipo [*Avoir* [Ter] + *cœur* [corazón] ± Determinante(s)] co obxectivo de extraer as similitudes e as diferenzas lingüísticas e culturais na expresión das emocións nas dúas linguas.

En canto a estudos contrastivos que tratan sobre a expresión das emocións nas locucións somáticas, citamos Valetopoulos (2013) e Sioridze (2018). O primeiro estudou a *corporeidade* como fenómeno lingüístico para a expresión dos sentimentos de *alegría*, *cólera* e *medo* e, á vez, subliñou a importancia das conceptualizacións a nivel lexicográfico e didáctico no paso do francés ao grego. A conclusión do seu estudo é que «a maior parte das expresións metafóricas empregan as mesmas conceptualizacións, nas dúas linguas, mesmo se o material lingüístico é distinto ás veces» (Valetopoulos, 2013: 137).

O segundo estudo é de Marine Sioridze e nel realiza a comparación de expresións idiomáticas con connotacións afectivas, socioculturais e motivadas en dúas linguas non emparentadas, o francés e o xeorxiano, partindo da premisa de que «o léxico das partes do corpo presenta un interese particular debido á descrición da sensibilidade e á evolución social e cultural dunha época e dunha cultura» (Sioridze, 2018: 204). En canto ás converxencias e diverxencias entre as dúas linguas, Sioridze destaca que a converxencia das expresións idiomáticas francesas e xeorxianas aparece na expresión dos valores morais, sociais e das normas de comportamento dun individuo mentres que a diverxencia da interpretación se manifesta nas connotacións culturais.

A partir destas premisas da análise contrastiva das locucións somáticas, dividimos o noso proceso en dúas etapas: un enfoque lingüístico que salienta as construcións específicas de cada lingua, completado cun enfoque cultural que ten o obxectivo de resaltar a súa idiomaticidade na conceptualización das emocións.

#### **3.1. Análise lingüística contrastiva francés-romanés das locucións somáticas coa palabra *corazón***

Desde o punto de vista da estruturación lingüística das locucións somáticas analizadas, identificamos dous tipos de locucións: (1) locucións somáticas cun só determinante; (2) locucións somáticas con dous determinantes.



### 3.1.1. Locucións somáticas cun só determinante

Táboa 1. Locucións somáticas cun só determinante

Construción	Francés	Romanés	Observacións
1. <i>AVOIR</i> [ter] + Artigo partitivo + <i>cœur</i> [corazón]	<i>avoir du cœur</i> [ter corazón]	<i>a avea inimă</i> [ter corazón]	1. O romanés non ten artigo partitivo; en consecuencia, a construción romanese carece de artigo.
2. <i>AVOIR</i> [ter] + Adxectivo cualificativo + <i>cœur</i> [corazón]	<i>avoir bon cœur</i> [ter bo corazón]  <i>avoir bonne âme</i> [ter boa alma]	<i>a avea inimă bună</i> [ter bo corazón]  <i>a avea suflet bun</i> [ter boa alma]	1. A palabra <i>corazón</i> pode ser trocada por <i>alma</i> nas dúas linguas. 2. A locución <i>avoir une bonne âme</i> [ter unha boa alma] ten o mesmo significado: ‘ser unha alma sinxela e xenerosa’.

Dos dous tipos de locucións somáticas cun só determinante [*AVOIR* (ter) + Artigo partitivo + *cœur* (corazón)] e [*AVOIR* (ter) + Adxectivo cualificativo + *cœur* (corazón)] (ver Táboa 1), o primeiro tipo individualízase en romanés debido á ausencia do artigo partitivo, o que provoca que a construción romanese non posúa determinante: fr. *avoir du cœur* [ter corazón]/ro. *a avea inimă* [ter corazón]. Igualmente, hai que engadir que existen locucións somáticas con verbos plenos que non posúen artigo nas dúas linguas: fr. *manquer de cœur* [carecer de corazón]/ro. *a nu avea inimă* [non ter corazón].

En canto ao adxectivo cualificativo *bon* [bo] na locución *avoir bon cœur* [ter bo corazón], a súa presenza suprime o artigo, o que constitúe un argumento para apoiar a teoría de Jan Goss (2014) que fala de «pseudofixación» e na que clasifica os sintagmas *adxectivo + substantivo/substantivo + adxectivo* no grupo das colocacións ou incluso no dos substantivos compostos: «Desde o punto de vista da fixación, a estrutura sintáctica *substantivo + adxectivo (anteposto ou posposto)* cobre un *continuum* que vai desde as secuencias libres ata as combinacións estatisticamente significativas (colocacións), ademais de combinacións con diferentes graos de fixación (substantivos compostos).» (Goes, 2014: 220).

No que concirne á posición do adxectivo fr. *bon*/ro. *bun* [bo], constatamos a diferenza entre as dúas linguas: en romanés, a posposición do adxectivo (*a avea inimă bună* [ter corazón bo], *a avea suflet bun* [ter alma boa] en relación co francés, que rexistra a súa anteposición (*avoir bon cœur* [ter bo corazón], *avoir bonne âme* [ter boa alma]).

### 3.1.2. Locucións somáticas con dous determinantes

Táboa 2. Locucións somáticas con dous determinantes

Construción	Francés	Romanés	Observacións
1. AVOIR [ter] + Artigo (definido, indefinido) + Cœur [corazón] + Adxectivo cualificativo	<i>avoir le cœur barbouillé / noyé /soulevé</i> [ter o corazón empachado/ afogado/ levantado]	-	Non hai equivalente en romanés para expresar o sentido de ‘perturbar, incomodar’.
	<i>avoir le cœur gonflé / plein</i> [ter o corazón inflado/cheo]	-	Non hai equivalente en romanés para expresar o sentido de ‘ter gana de chorar’.
	<i>avoir le cœur brisé</i> [ter o corazón roto]	<i>a avea inima frântă</i> [ter o corazón roto]	Existe a mesma locución nas dúas linguas co sentido de ‘sentir unha mágoa extrema despois de ser abandonado/a pola persoa a quen amamos’.
	<i>avoir le cœur net</i> [ter o corazón limpo]	<i>a fi cu inima împăcată</i> [estar co corazón tranquilo]	Cada lingua dispón dunha locución para expresar o sentido de ‘saber o que unha/un é, librarse das dúbidas propias’.
	<i>avoir le cœur léger</i> [ter o corazón lixeiro]	<i>a fi cu inima ușoară</i> [estar co corazón lixeiro]	Existe a mesma locución nas dúas linguas.
	<i>avoir le cœur gros</i> [ter o corazón grosso] <i>avoir le cœur lourd</i> [ter o corazón pesado]	<i>a avea inima grea</i> [ter o corazón pesado] <i>a avea inima neagră</i> [ter o corazón negro] <i>a avea inimă albastră</i> [ter o corazón azul]	O romanés dispón tamén de máis adxectivos que o francés: <i>neagră</i> [negro], <i>albastră</i> [azul] para o sentido de ‘estar moi enfadado/a; estar nun profundo estado de tristeza’.
	<i>avoir le cœur serré</i> [ter o corazón apertado]	<i>a avea inima strânsă</i> [ter o corazón apertado] <i>a avea inima îndoită</i> [ter a alma dubidosa]	O romanés engade outro adxectivo: <i>îndoită</i> [dubidoso], ademais de <i>apertado</i> , común nas dúas linguas.

<p>2. AVOIR [ter] + Artigo (definido, indefinido, partitivo) + Cœur [corazón] + Determinante preposicional</p>	<p><i>avoir un cœur tendre</i> [ter un corazón tenro]</p>	<p><i>a avea o inimă caldă</i> [ter un corazón quente]</p>	<p>O romanés cambia de adxectivo, prefere <i>cald</i> [quente] no lugar de <i>tendre</i> [tenro].</p>
	<p><i>avoir un cœur dur</i> [ter un corazón duro]</p>	<p><i>a avea o inimă rece</i> [ter un corazón frío]</p>	<p>O romanés cambia de adxectivo, prefere <i>rece</i> [frío] no lugar de <i>dur</i> [duro].</p>
	<p><i>avoir un cœur d'or</i> [ter un corazón de ouro]</p>	<p><i>a avea o inimă de aur</i> [ter un corazón de ouro]</p>	<p>Existe a mesma locución nas dúas linguas.</p>
	<p><i>avoir un cœur de fer / de pierre</i> [ter un corazón de ferro/de pedra] <i>avoir un poids sur le cœur</i> [ter un peso no corazón] <i>avoir le cœur dur comme un caillou</i> [ter o corazón duro coma un callao]</p>	<p><i>a avea (o) inimă de piatră</i> [ter (un) corazón de pedra] <i>a avea o piatră pe inimă</i> [ter unha pedra no corazón] <i>a avea un ghimpe în inimă</i> [ter unha espiña na alma]</p>	<p>1. En francés, hai dous determinantes preposicionais: <i>de fer</i> [de ferro] e <i>de pierre</i> [de pedra], en comparación co romanés, no que soamente temos o determinante <i>de piatră</i> [de pedra]. 2. O peso como símbolo de gran tristeza tamén se reflicte a través do substantivo <i>poids</i> [peso] ou da comparación coa palabra <i>caillou</i> [callao].</p>
	<p><i>avoir un cœur de lion</i> [ter un corazón de león]</p>	<p><i>a avea o inimă de leu</i> [ter un corazón de león]</p>	<p>Existe a mesma locución nas dúas linguas.</p>
	<p><i>avoir un cœur de poule</i> [ter un corazón de galiña] <i>avoir du cœur au ventre</i> [ter o corazón no estómago]</p>	-	<p>O romanés non posúe estas expresións para representar o sentido de 'persoa sen dignidade, covarde, medrosa'.</p>
	<p><i>avoir le cœur sur la main</i> [ter o corazón na man]</p>	<p><i>a fi bun ca pâinea caldă</i> [ser bo coma o pan quente]</p>	<p>O romanés consta dunha estrutura diferente que cambia o <i>cœur</i> [corazón] por unha comparación do concepto de bondade co pan quente.</p>

2. AVOIR [ter] + Artigo (definido, indefinido, partitivo) + Cœur [corazón] + Determinante preposicional	<i>avoir le cœur sur la bouche</i> [ter o corazón na boca]	<i>a avea inima deschisă</i> [ter o corazón aberto]	O determinante preposicional construído ao redor dun Npdc ( <i>le cœur sur la bouche</i> [o corazón na boca]) cámbiase en romanés por un adxectivo ( <i>le cœur ouvert</i> [o corazón aberto]).
	<i>avoir le cœur au bord des lèvres</i> [ter o corazón no bordo dos beizos]	<i>a avea stomacul în gât</i> [ter o estómago na gorxa]	Constatamos en romanés un cambio completo dos Npdc.
	<i>avoir le cœur sur la gorge</i> [ter o corazón na gorxa]	<i>a avea un nod în gât</i> [ter un nó na gorxa]	En lugar de sentir o corazón na gorxa, o romanés sente un nó na gorxa para expresar un estado ansioso ou axitado.
	<i>avoir le cœur au métier</i> [ter o corazón no oficio] <i>avoir du cœur à l'ouvrage</i> [ter corazón no traballo]	<i>a munci cu tragere de inimă</i> [traballar baixo o impulso do corazón]	O corazón é símbolo de entusiasmo nas dúas linguas.
	<i>avoir le cœur en fête</i> [ter o corazón de festa] <i>avoir la joie au cœur</i> [ter a alegría no corazón]	<i>a-i râde inima în piept</i> [o corazón ri no seu peito] <i>a i se bucura inima</i> [o seu corazón alégrase]	O rumano consta de dous verbos, <i>rire</i> [rir] e <i>se réjouir</i> [alegrarse], para expresar a alegría ou a felicidade, emoción que se mostra en francés mediante as palabras <i>joie</i> [alegría] e <i>fête</i> [festa].

No que concirne á primeira construción con dous determinantes [*AVOIR* (ter) + Artigo (definido, indefinido) + *cœur* (corazón) + Adxectivo cualificativo] (ver Táboa 2), distribúe o adxectivo cualificativo en posición posnominal e fai unha distribución arbitraria entre os dous artigos, definido (*avoir le cœur barbouillé* [ter o corazón empachado]/*noyé* [afogado]/*soulevé* [levantado]/*gonflé* [inflado]/*plein* [cheo]/*gros* [grosso]/*serré* [apertado]/*net* [limpo]) ou indefinido (*avoir un cœur tendre/dur* [ter un corazón tenro/duro]). O inventario de locucións con adxectivo cualificativo é máis limitado en romanés, pero respecta a estruturación dos determinantes franceses, a locución *a avea inimă albastră* [ter corazón azul] individualízase debido á ausencia de artigo.

No caso da segunda construción [*AVOIR* (ter) + Artigo (definido, indefinido, partitivo) + *cœur* (corazón) + Determinante preposicional], constatamos que o determinante preposicional se introduce mediante diversas preposicións: (1) *DE* [de] + N con valor de cualificación (*d'or* [de ouro], *de fer* [de ferro], *de pierre* [de pedra], *de lion* [de león],

*de poule* [de galiña]); (2) *SUR* [sobre/en] + Art. definido + N (*sur la main* [na man], *sur la bouche* [na boca], *sur la gorge* [na gorxa]); (3) *À* [a/en] + Art. definido + N (*au bord des lèvres* [no bordo dos beizos], *au métier* [no oficio]); (4) *EN* [en/de] + N (*en fête* [de festa]).

A preposición *DE* [de] aparece na comparación con dous reinos: o reino mineral e o reino animal. A comparación co reino mineral presenta como determinante preposicional *or* [ouro], *Pierre* [pedra] ou *fer* [ferro] en francés, e *or* [ouro] e *Pierre* [pedra] en romanés: fr. *avoir un cœur d'or* [ter un corazón de ouro]/ro. *a avea o inimă de aur* [ter un corazón de ouro], fr. *avoir un cœur de pierre, de fer* [ter un corazón de pedra, de ferro]/ro. *a avea o inimă de piatră* [ter un corazón de pedra]. O peso como símbolo de gran tristeza tamén se reflicte a través de dúas construcións que rompen o molde sintáctico: fr. *avoir un poids sur le cœur* [ter un peso no corazón]/ro. *a avea o piatră pe inimă* [ter unha pedra no corazón], fr. *avoir le cœur dur comme un caillou* [ter o corazón duro coma un callao]/ro. *a avea un ghimpe în inimă* [ter unha espiña no corazón]. No reino animal, o determinante preposicional selecciona o *lion* [león] e a *poule* [galiña] como termo de comparación para opoñer a valentía e a covardía: fr. *avoir un cœur de lion* [ter un corazón de león]/ro. *a avea o inimă de leu* [ter un corazón de león] e fr. *avoir un cœur de poule* [ter un corazón de galiña], sen equivalente en romanés. No que concirne á construción coa preposición *SUR* [sobre/en] + Npdc (*sur la main* [na man], *sur la bouche* [na boca], *sur la gorge* [na gorxa]), non ten construción equivalente en romanés, que consta doutras estruturas para expresar o mesmo sentido: fr. *avoir le cœur sur la main* [ter o corazón na man]/ro. *a fi bun ca pâinea caldă* [ser bo coma o pan quente], fr. *avoir le cœur sur la bouche* [ter o corazón na boca]/ro. *a avea inima deschisă* [ter o corazón aberto], fr. *avoir le cœur sur la gorge* [ter o corazón na gorxa]/ro. *a avea un nod în gât* [ter un nó na gorxa]. A preposición *SUR* pode ter como sinónimo a locución preposicional *au bord de* [no bordo de], que non ten correspondencia en romanés: fr. *avoir le cœur au bord des lèvres* [ter o corazón no bordo dos beizos]/ro. *a avea stomacul în gât* [ter o estómago na gorxa]. A mesma ausencia de equivalencia maniféstase no caso das dúas últimas locucións: fr. *avoir le cœur au métier* [ter o corazón no oficio]/ro. *a munci cu trageră de inimă* [traballar baixo o impulso do corazón], fr. *avoir le cœur en fête* [ter o corazón de festa]/ro. *a-i râde inima în piept* [o corazón ri no seu peito], *a i se bucura inima* [o seu corazón alégriase].

En resumo, o determinante preposicional goza en francés dunha variedade de preposicións que non se atopa en romanés, onde este determinante se cambia por outras construcións adxectivas ou comparativas que provocan que estas locucións somáticas sexan moito máis expresivas, portadoras dun contido cultural que recolle a historia e a mentalidade do pobo romanés (ver a epígrafe 3.2., sobre a análise do contido semántico destas locucións).

### 3.2. Análise semántica contrastiva francés-romanés das locucións semánticas coa palabra *corazón*

Na comparación dos substantivos *heart* (inglés) e *serdce* (ruso), Wierzbicka (1992: 47) evidenciou que o *corazón* non é o núcleo de todas as emocións, soamente daquelas que se sitúan sobre un dos eixes da oposición *bo* vs. *malo*:

[...] nin *heart* nin *serdce* son vistos como un núcleo de todas as emocións, senón que só das emocións que se consideran ou boas ou malas. Polo tanto, unha/un pode dicir: *o seu corazón estaba cheo de alegría/amargor/tristeza*, pero dificilmente *o seu corazón vai estar cheo de sorpresa/asombro*<sup>7</sup>.

Polo tanto, é evidente que o *corazón* releva máis o afecto e as emocións que a razón ou a cognición. *Un homme sans cœur* [un home sen corazón] é unha persoa sen sentimentos nin emocións xa que o corazón é o fogar de nosa vida afectiva, así como o núcleo dos nosos sentimentos ou ben das nosas reaccións aos fenómenos externos.

Na nosa análise semántica comparativa, partimos do principio de Wierzbicka (1992) que di que as locucións somáticas construídas coa palabra *corazón* están en oposición para expresar unha das dúas nocións: *bo* vs. *malo*. Ademais, utilizamos como criterios de clasificación das locucións somáticas construídas coa palabra *corazón* as dúas formas de manifestación das emocións:

- (1) O *corazón* como núcleo de manifestación de trazos intelectuais ou afectivos (xenerosidade, indiferenza, valentía, covardía, sinceridade).
- (2) O *corazón* como centro de reacción aos fenómenos externos (*alegrías* e *praceres* vs. *dores* e *sufrimentos*).

### 3.2.1. O *corazón* como núcleo de manifestación de trazos intelectuais ou afectivos (xenerosidade, indiferenza, valentía, covardía, sinceridade)

O primeiro trazo intelectual expresado pola locución somática *avoir du cœur* [ter corazón] é o de xenerosidade. En efecto, as tres locucións francesas *avoir du cœur* [ter corazón], *avoir bon cœur* [ter bo corazón], *avoir bonne âme* [ter boa alma] expresan o mesmo grao de xenerosidade que achegan en romanés locucións similares: *a avea inimă* [ter corazón], *a avea inimă bună* [ter corazón bo], *a avea suflet bun* [ter alma boa]. Polo tanto, a bondade está en relación coa xenerosidade e o adxectivo *bon* [bo] é capaz de expresar este trazo de carácter nas dúas linguas. O simple feito de negar a existencia do corazón expresa a ausencia de xenerosidade e a instalación da indiferenza: fr. *manquer de cœur* [carecer de corazón]/ro. *a nu avea inimă* [non ten corazón]. Na mesma liña, fixémonos a pregunta do uso do adxectivo *mauvais* [malo] nesta construción e constatamos que pode expresar a indiferenza ou a maldade en numerosos proverbios ou citas célebres: «A desesperación fai que o home se estrese e alguén estresado aparenta *ter un mal corazón* [*avoir un mauvais cœur*]» (citation-celebre.leparisien.fr/). En comparación co francés, a lingua romanese non utiliza a locución nominal *inimă rea* [corazón malo] coa mesma acepción, xa que a locución *a muri de inimă rea* [morrer de corazón malo] ten o sentido de ‘morrer a causa dunha dor provocada polo estrés ou unha desgraza’.

Outro adxectivo que pode expresar o sentimento de xenerosidade é o adxectivo *tendre* [tenro] na locución *avoir un cœur tendre* [ter un corazón tenro], co sentido de ‘que sente,

<sup>7</sup> Cita orixinal: «[...] neither *heart* nor *serdce* is viewed as a seat of all emotions but only of emotions which are seen as either good or bad. Thus, one can say: *his heart was full of joy / bitterness / sadness* but hardly *his heart was full of surprise / amazement*».

manifesta afección, amizade, xenerosidade ou que se recupera de algo.’ (www.cnrtl.fr)<sup>8</sup>. No outro extremo, a indiferenza exprésase mediante a dureza do corazón (*avoir le cœur dur* [ter o corazón duro]) ou mediante a seca de sentimentos (*avoir le cœur sec* [ter o corazón seco]). A tenrura ou a dureza son as dúas propiedades antagonistas para expresar a oposición xenerosidade vs. indiferenza.

A *dureza* vs. a *tenrura* do corazón danse en romanés a través da calor vs. frío como sinais para a xenerosidade vs. indiferenza dunha persoa: *a avea o inimă caldă* [ter o corazón quente] vs. *a avea o inimă rece* [ter o corazón frío]. A calor que emana do corazón expresa un forte grao de afectividade, o que explica a presenza da expresión *bun ca pâinea caldă* [bo coma o pan quente]. A analoxía entre a bondade e *o pan quente* explícase cunha vella tradición romanese segundo a cal cada fogar fai o seu propio pan e, por conseguinte, o olor do pan quente convértese nun símbolo de compartir e de xenerosidade cara aos outros comensais reunidos arredor da mesa. En efecto, a tradición do pan presenta aínda un simbolismo arcaico, moi presente no mundo rural romanés como símbolo de alegría, fecundidade, abundancia e pureza.

Se continuamos a falar da idea da ofrenda como símbolo de gran xenerosidade, a locución somática *avoir le cœur sur la main* encerra a forza da alma que ten o poder de extraer o corazón do seu peito, imaxe dada en romanés por unha asociación entre o *cœur* [corazón] e o *plateau* [bandexa] sempre simbolizando a ofrenda: *a-și pune inima pe tavă* [poñer o corazón na bandexa], a imaxe metafórica do corazón ofrecido para probar a grandeza de alma dunha persoa.

Por unha parte, no reino mineral, os dous sentimentos de xenerosidade vs. indiferenza danse a través dos metais e as pedras, que posúen propiedades que fican dentro da mesma oposición *tenrura* vs. *dureza*. Así, a xenerosidade vén da comparación cun metal puro, precioso coma o ouro (metal nobre, maleable e moi dúctil, ao mesmo tempo denso e suave), símbolo de gran xenerosidade nas dúas linguas: fr. *avoir un cœur d’or* [ter un corazón de ouro]/ro. *a avea o inimă de aur* [ter un corazón de ouro]. Por outra parte, a analoxía entre a indiferenza e a dureza do corazón dáse en francés a través do recurso do metal (*le fer* [o ferro]) e dunha materia mineral sólida máis ou menos dura (*la pierre* [a pedra], *le caillou* [o callao]): *avoir un cœur de fer* [ter un corazón de ferro], *avoir un cœur de pierre* [ter un corazón de pedra], *avoir le cœur dur comme un caillou* [ter o corazón duro coma un callao]. En romanés, só atopamos a comparación coa pedra: *a avea o inimă de piatră* [ter un corazón de pedra].

Segundo a antiga anatomía grega, a valentía tamén ten o seu núcleo no *corazón* mediante a analoxía co reino animal. En efecto, a comparación co león, felino feroz que manifesta unha enerxía extraordinaria, expresa a forza do individuo, pero, de igual forma, a súa honestidade, é dicir, a afouteza de afrontar o perigo: fr. *avoir un cœur de lion* [ter un corazón de león]/ro. *a avea o inimă de leu* [ter un corazón de león]. Para expresar o

<sup>8</sup> Os dicionarios recompilan da mesma maneira o sentido antigo de ‘que se deixa tocar facilmente, conmover, que se outorga aos movementos unha sensibilidade viva’, acepción identificada en *tendre cœur* [tenro corazón], ‘corazón sensible’ (Roland, ed. J. Bédier; 317, www.cnrtl.fr).



mesmo significado, o francés engade a expresión *avoir du cœur au ventre* [ter o corazón no estómago], xa que na Idade Media o expresión francesa *ventre* [estómago] designaba o abdome, pero tamén o peito e a cabeza. No outro extremo, a covardía atopa, do mesmo modo, unha analoxía no reino animal na expresión *avoir un cœur de poule* [ter un corazón de galiña], a galiña que lles outorga esta mesma idea de falta de valentía ás expresións *avoir la chair de poule* [ter a carne de galiña] ou *une poule mouillée* [unha galiña mollada].

«Ter valentía» tamén implica sinceridade, cualidade expresada polas locucións *avoir le cœur sur les lèvres* [ter o corazón nos beizos] ou *avoir le cœur sur la bouche* [ter o corazón na boca], os beizos e a boca son os dous Npdc que serven para facer falar o corazón abertamente, sen rodeos. En romanés, atopamos a locución *a avea inima deschisă* [ter o corazón aberto] para facer falar o corazón, dicir sinceramente iso que afecta o corazón.

Como acabamos de constatar, as locucións somáticas construídas arredor da palabra *corazón* expresan, en gran medida, trazos intelectuais ou afectivos (xenerosidade, indiferenza, valentía, covardía, sinceridade), porén, sen excluír a posibilidade de que o corazón tamén sexa o núcleo da razón ou da conciencia, que describe a unha persoa razoable, como por exemplo en: fr. *avoir le cœur net* [ter o corazón] (‘saber o que se é, librarse das propias dúbidas’)/ro. *a fi cu inima împăcată* [estar co corazón tranquilo].

### 3.2.2. O corazón como centro de reacción aos fenómenos externos (alegrías e praceres vs. dores e sufrimentos)

As reaccións do corazón fronte aos fenómenos externos poden ser clasificadas tamén en función de dúas nocións, *bo* vs. *malo*, nas categorías seguintes: alegrías e praceres vs. dores e sufrimentos.

Na primeira categoría, a festa é fonte de alegría e pracer. En efecto, *avoir le cœur en fête* [ter o corazón de festa] expresa a alegría de vivir, o pracer de alegrarse da vida. Ocorre o mesmo na locución somática *avoir la joie au cœur* [ter a alegría no corazón]. O molde sintáctico destas locucións non permite en romanés o uso de determinantes preposicionais coma *en fête* [de festa]; iso é polo que o romanés cambia o verbo auxiliar *avoir* [ter] por dous verbos plenos (*rire* [rir] e *réjouir* [alegrarse]), capaces de transmitir a felicidade: *a-i râde inima în piept* [o corazón ri no seu peito], *a i se bucura inima* [o seu corazón alégrase]. A tranquilidade de espírito tradúcese nas dúas linguas a través da lixeireza do corazón fr. *avoir le cœur léger* [ter o corazón lixeiro]/ro. *a fi cu inima ușoară* [estar co corazón lixeiro] co sentido de ‘feito de que alguén estea en paz coa súa conciencia como resultado dunha boa acción ou unha boa noticia’.

A alegría ou o bo humor que se albergan no corazón poden ser un estimulante para traballar con eficacia, con entusiasmo, como suxiren as dúas expresións: *avoir le cœur au métier* [ter o corazón no oficio], *avoir du cœur à l'ouvrage* [ter corazón no traballo]. O equivalente romanés é unha locución somática máis explícita: *a munci cu trăgere de inimă* [traballar baixo o impulso do corazón].

Á parte, o número de locucións somáticas que consideran que o corazón é o núcleo das dores e sufrimentos humanos é moito máis amplo:

- (1) *avoir le cœur barbouillé / noyé* [ter o corazón empachado/afogado] (emprego metafórico para suxerir a idea dun problema; *perturbar, inquietar* a causa dunha substancia ou da auga que pesa sobre o corazón);
- (2) *avoir le cœur soulevé* [ter o corazón levantado] ten a súa orixe na locución figurada *soulever le cœur* [levantar o corazón], ‘provocar unha sensación de noxo’, de aí o sentido derivado de «*avoir la nausée*» [ter náuseas];
- (3) *avoir le cœur gonflé* [ter o corazón inflado] (ás veces, a alegría ou o amor dilatan o corazón no sentido de enchelo, pero o corazón inflado pode suxerir igualmente a posesión dun sentimento negativo que provoca gana de chorar);
- (4) *avoir le cœur gros de larmes, de regrets* ou *avoir cœur gros* [ter o corazón grosso de bágoas, de arrepentimento, ou ter o corazón grosso] focalizan toda a carga semántica no adxectivo *gros* [grosso], que expresa a idea de exceder o volume habitual e, implicitamente, a tristeza e a pena («*avoir du chagrin* [ter tristeza], *avoir de la peine* [ter pena]);
- (5) *avoir le cœur brisé* [ter o corazón roto] expresa o feito de ‘sentir unha pena extrema despois de ser abandonado/a por un ser que amamos’.
- (6) *avoir le cœur serré* [ter o corazón apertado] prodúcese baixo o efecto dunha emoción dolorosa (‘estar triste, dun humor pesaroso’) baixo o efecto dunha contracción ou dunha presión, da mesma forma que para a expresión *avoir la gorge serrée* [ter a gorxa apertada];
- (7) *avoir un poids sur le cœur* [ter un peso no corazón] (‘estar triste, dun humor pesaroso’) e *avoir le cœur lourd* [ter o corazón pesado] (‘estar triste, estar deprimido/a’) teñen o mesmo significado de ‘presión das dores sobre o corazón’.

En todas estas locucións, os fenómenos de presión, de inchazo, de contracción do corazón atribúen ao *corazón* un sentido metafórico de ‘dor e sufrimento debido a un problema de funcionamento’.

No terreo da lingua romanese, as locucións somáticas constrúense arredor da imaxe da presión como fonte das dores ou da pena experimentada por un individuo: *a avea inima strânsă* [ter o corazón apertado], *a avea o piatră pe inimă* [ter unha pedra no corazón] e *a avea inima grea* [ter o corazón pesado], *a avea inima frântă* [ter o corazón roto].

Ademais, a imaxe dun corazón somerxido polo peso das dores dáse en romanés por dous adxectivos: *a avea inima neagră* [ter o corazón negro] e *a avea inimă albastră* [ter o corazón azul]. O *cœur noir* [corazón negro] é unha imaxe construída coa máis escura das cores que expresa a dor ou a pena, así como na expresión *a fi negru de supărare* [estar negro de pena]. O *bleu* [azul] é o segundo adxectivo cromático que ten o poder de expresar a tristeza: *a avea inimă albastră* [ter o corazón azul]. Alén diso, as dúas locucións nominais correspondentes *cœur noir* [corazón negro] e *cœur bleu* [corazón azul] convertéronse en clichés ou etiquetas para as insignias ou os títulos de canción co fin de transmitir o mesmo sentimento de dor.

Para expresar a sensación de angustia, a lingua francesa rexistra dúas locucións: *avoir le cœur au bord des lèvres* [ter o corazón na gorna], explicadas mediante a imaxe da ascensión do corazón cara á boca nunha época na que o corazón se identificaba co estómago. Ademais, a primeira locución expresa tamén a idea de vomitar, sentido que nós identificamos coa locución *avoir le cœur soulevé* [ter o corazón levantado], que suxire a mesma idea de levantamento do corazón cara á boca. Pola contra, a lingua romanese non rexistra locucións somáticas coa palabra *corazón*, pero colle prestada a imaxe do levantamento cara á gorna en dúas locucións somáticas que teñen o mesmo sentido: *a avea stomacul în gât* [ter o estómago ca gorna] para a idea de vomitar e *a avea un nod în gât* [ter un nó na gorna] para expresar a idea de angustia.

#### 4. Conclusións

Está recoñecido de maneira unánime que cada lingua ten a súa propia forma de conceptualizar o mundo e que as expresións idiomáticas son representacións mentais de contidos culturais (símbolos, crenzas, rituais, comportamentos, costumes etc.) dunha sociedade, un indicador do estado emocional ou físico, temporal ou permanente, do individuo.

Despois da nosa análise, sintetizamos os principais valores afectivos e emocionais expresados polas locucións somáticas construídas arredor da palabra *corazón* na táboa 3 segundo as dúas grandes categorías de nocións postuladas por Wierzbicka (1992): *bo* (trazos positivos) vs. *malo* (trazos negativos).

Táboa 3. Tipoloxía das locucións somáticas que expresan os valores afectivos e emocionais

Valores afectivos e emocionais	Francés	Romanés
<b>1. TRAZOS POSITIVOS (BO)</b>		
<b>Xenerosidade</b>	<i>avoir du cœur</i> [ter corazón]	<i>a avea inimă</i> [ter corazón]
	<i>avoir bon cœur</i> [ter bo corazón] <i>avoir bonne âme</i> [ter boa alma]	<i>a avea inimă bună</i> [ter corazón bo] <i>a avea suflet bun</i> [ter alma boa]
	<i>avoir un cœur tendre</i> [ter un corazón tenro]	<i>a avea o inimă caldă</i> [ter un corazón quente] <i>a fi bun ca pâinea caldă</i> [ser bo coma o pan quente]
	<i>avoir le cœur sur la main</i> [ter o corazón na man]	<i>a-și pune inima pe tavă</i> [poñer o corazón na bandexa]
	<i>avoir un cœur d'or</i> [ter un corazón de ouro]	<i>a avea o inimă de aur</i> [ter un corazón de ouro]

<b>Sinceridade</b>	<i>avoir le cœur sur les lèvres</i> [ter o corazón nos beizos] <i>avoir le cœur sur la bouche</i> [ter o corazón na boca]	<i>a avea inima deschisă</i> [ter o corazón aberto]
<b>Valentía</b>	<i>avoir un cœur de lion</i> [ter un corazón de león] <i>avoir du cœur au ventre</i> [ter o corazón no estómago]	<i>a avea o inimă de leu</i> [ter un corazón de león]
<b>Alegrías e praceres</b>	<i>avoir le cœur en fête</i> [ter o corazón de festa] <i>avoir la joie au cœur</i> [ter a alegría no corazón]	<i>a-i râde inima în piept</i> [o corazón ri no seu peito] <i>a i se bucura inima</i> [o seu corazón alégrase]
	<i>avoir le cœur net</i> [ter o corazón limpo]	<i>a fi cu inima împăcată</i> [estar co corazón tranquilo]
	<i>avoir le cœur léger</i> [ter o corazón lixeiro]	<i>a fi cu inima ușoară</i> [estar co corazón lixeiro]
	<i>avoir le cœur au métier</i> [ter o corazón no oficio] <i>avoir du cœur à l'ouvrage</i> [ter o corazón no traballo]	<i>a munci cu trageră de inimă</i> [traballar baixo o impulso do corazón]
<b>2. TRAZOS NEGATIVOS (MALO)</b>		
<b>Indiferenza</b>	<i>avoir un cœur de fer</i> [ter un corazón de ferro]	-
	<i>avoir un cœur de pierre</i> [ter un corazón de pedra]	<i>a avea o inimă de piatră</i> [ter un corazón de pedra]
	<i>avoir le cœur dur (comme un caillou)</i> [ter o corazón duro (coma un callao)]	<i>a avea o inimă rece</i> [ter un corazón frío]
<b>Covardía</b>	<i>avoir un cœur de poule</i> [ter un corazón de galiña]	-
<b>Dores e sufrimentos</b>	<i>avoir le cœur barbouillé / noyé</i> [ter o corazón empachado/afogado]	-
	<i>avoir le cœur soulevé</i> [ter o corazón levantado]	-
	<i>avoir le cœur gonflé</i> [ter o corazón inflado]	-
	<i>avoir le cœur brisé</i> [ter o corazón roto]	<i>a avea inima frântă</i> [ter o corazón roto]

<b>Dores e sufrimentos</b>	<i>avoir le cœur gros de larmes, de regrets</i> [ter o corazón groso de bágoas, de arrepentimento] <i>avoir cœur gros</i> [ter o corazón groso] <i>avoir le cœur lourd</i> [ter o corazón pesado]	<i>a avea inima neagră</i> [ter o corazón negro] <i>a avea inimă albastră</i> [ter o corazón azul] <i>a avea inima grea</i> [ter o corazón pesado]
	<i>avoir le cœur serré</i> [ter o corazón apertado]	<i>a avea inima strânsă</i> [ter o corazón apertado]
	<i>avoir un poids sur le cœur</i> [ter un peso no corazón]	<i>a avea o piatră pe inimă</i> [ter unha pedra no corazón] <i>a avea un ghimpe în inimă</i> [ter unha espiña no corazón]
	<i>avoir le cœur au bord des lèvres</i> [ter o corazón no bordo dos beizos] <i>avoir le cœur sur (dans) la gorge</i> [ter o corazón na gorxa]	<i>a avea stomacul în gât</i> [ter o estómago na gorxa] <i>avea un nod în gât</i> [ter un nó na gorxa]

Segundo esta tipoloxía, dáse como resultado que a conceptualización de emocións nas locucións somáticas analizadas manifesta moitos trazos comúns nas dúas linguas: fr. *avoir bon cœur* [ter bo corazón]/ro. *a avea inimă bună* [ter corazón bo], fr. *avoir un cœur d'or* [ter un corazón de ouro]/ro. *a avea o inimă de aur* [ter un corazón de ouro], fr. *avoir un cœur de lion* [ter un corazón de león]/ro. *a avea o inimă de leu* [ter un corazón de león], fr. *avoir un cœur de pierre* [ter un corazón de pedra]/ro. *a avea o inimă de piatră* [ter un corazón de pedra], fr. *avoir le cœur brisé* [ter o corazón roto]/ro. *a avea inima frântă* [ter o corazón roto].

Pola contra, tamén hai casos nos que a mesma conceptualización se expresa a través de medios lingüísticos diferentes, como é o caso da expresión da xenerosidade (fr. *avoir le cœur sur la main* [ter o corazón na man]/ro. *a-și pune inima pe tavă* [poñer o corazón na bandexa]), a sinceridade (fr. *avoir le cœur sur les lèvres* [ter o corazón nos beizos], *avoir le cœur sur la bouche* [ter o corazón na boca]/ro. *a avea inima deschisă* [ter o corazón aberto]) ou ben o sufrimento (fr. *avoir le cœur au bord des lèvres* [ter o corazón no bordo dos beizos], *avoir le cœur sur la gorge* [ter o corazón na gorxa]/ro. *a avea stomacul în gât* [ter o estómago na gorxa], fr. *avoir le cœur dans la gorge* [ter o corazón na gorxa]/ro. *avea un nod în gât* [ter un nó na gorxa]). Ademais, estes trazos diverxentes dependen da existencia de arquetipos culturais específicos de cada lingua-cultura. Como exemplo, citamos a locución romanese *a avea o inimă caldă* [ter un corazón quente] que, por transferencia sémica da expresión *fi bun ca pâinea caldă* [ser bo coma o pan quente], significa ‘ser xeneroso/a’, no sentido de ‘querer compartir o pan quente co resto de comensais reunidos arredor da mesa’.

A fin de contas, poderíamos considerar que as locuções somáticas do tipo [*Avoir* (ter) + *cœur* (corazón) ± Determinante/s] representan o espello de pensamento e de vida dun pobo, xa que compoñen a conceptualización de emocións segundo a evolución social e cultural dunha sociedade, que poden considerarse o fogar de manifestación dos trazos intelectuais ou o receptáculo da vida afectiva do individuo (xenerosidade, indiferenza, valentía, covardía, sinceridade, alegrías e praceres, dores e sufrimentos).

## 5. Referencias bibliográficas

- Bădescu, I; Guță, A. e Pănculescu, D. (2011): *Corpul omenesc în expresii (Domeniul român-francez)*. Craiova: Editura Aius.
- Cosăceanu, A. e Littera, I. (1990): “Imaginar colectiv și expresie lingvistică: locuțiuni și expresii idiomatice franceze referitoare la părțile corpului omenesc”, en *Studii și cercetări lingvistice*, 2, 127–133.
- Duță, O. e Teodorescu C. (2017): “Manifestations de la métaphore conceptuelle « l'esprit est le corps » dans des structures phraséologiques en français, espagnol et roumain”, en *Actes du Colloque International « 50 ans de français à l'Université de Craiova »: perspectives linguistiques et lexicographiques*; 144–155. Craiova; Editura Universitaria.
- Goes, J. (2014): “Les adjectifs classifiants et la dénomination”, en *Les théories du sens et de la référence. Hommage à Georges Kleiber*; 219–236. Éditions et Presses universitaires de Reims.
- González-Rey, M.<sup>a</sup> I. (2021): *La nouvelle phraséologie du français*. Tolosa: Presses Universitaires du Midi.
- Gross, G. (1996): *Les expressions figées en français. Noms composés et autres locutions*. Paris: Ophrys.
- Ionescu, A. e Pănculescu, D. (2002): “Dénominations des parties du corps-domaine roumain-français : étymologies, évolutions sémantiques, dérivation syntagmatique”, en *Revue roumaine de linguistique*, XLVII; 55–72.
- Lakoff, G. (1987): “Image Metaphors”, en *Metaphor and Symbolic Activity*, 2(3); 219–222.
- Sioridze, M. (2018): “Les connotations culturelles des expressions idiomatiques impliquant les parties du corps”, en *La phraséologie contrastive*; 203–220. Paris: Honoré Champion.
- Tuțescu, M. (1997): La métaphore des parties du corps en français. *Studii și cercetări lingvistice*, XLVIII; 461–469.
- Valetopoulos, F. (2013): “Le *corps* et l'expression des sentiments: étude contrastive du grec moderne et du français”, en *Cartographie des émotions*; 127–139. Presses Sorbonne Nouvelle.
- Wierzbicka, A. (1999): *Emotions Across Languages and Cultures: Diversity and Universals*. Cambridge.
- Wierzbicka, A. (1992): *Semantics, Culture, and Cognition: Universal Human Concepts in Culture-specific Configurations*. Oxford: Oxford University Press.

### **Corpus roman3s**

- \*\*\* (2009): *Dicționarul explicativ al limbii române*. Bucurest: Editura Univers Enciclopedic Gold.
- Gorunescu, E. (2000): *Dicționar de proverbe francez-român și român-francez*. Bucurest, Editura Teora.
- Ilinca, V. (2015): *Dicționar de expresii românești in contexte*. Cluj-Napoca: Editura Universitară Clujeană.

### **Corpus franc3s**

- Dictionnaire de l'Académie française* [www.dictionnaire-academie.fr](http://www.dictionnaire-academie.fr).
- Expressions et locutions autour du mot cœur*, [EspaceFrancais.com](http://EspaceFrancais.com).
- Les expressions françaises décortiquées, explications sur l'origine, signification, exemples, traductions*, <https://www.expressio.fr/expressions>.
- Trésor de la langue française informatisé* [/http://atilf.atilf.fr/tlf.htm](http://atilf.atilf.fr/tlf.htm).